

CANTAR DOS CACHARREIROS DE BONXE 2



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_IgBa_0043_037_en_0_38_42_id696_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_IgBa_0043_037_en_0_38_42_id696.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Etnográfico xeral
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 e transcripción

DATA DA RECOLLA: 07/06/1983

LOCALIZACIÓN:

Parroquia: Bonxe
Concello: Outeiro de Rei
Provincia: Lugo
País: Galicia

INFORMANTE:

Nome: Lombao Gómez, Indalecio
Idade no momento da recollida: 63 anos
Lugar e data de nacemento: Bonxe (Outeiro de Rei); 03/05/1920
Profesión: alfareiro e músico

RECOLLEDOR: Álvarez Fernández, César

COMPILADOR: Álvarez Fernández, César

COLECCIÓN: Baldomero Iglesias (Mero)

CONTEXTO:

Na recolla están presentes Indalecio de Bonxe, que toca o saxofón, o seu fillo Elías e tamén a muller de Indalecio, Josefa, e a filla, Pepita. Recóllense coplas, cantos de Reis, desafíos, oracións, adiviñas e contos así como melodías de saxofón. Nesta ocasión, cántanse dúas coplas propias dos alfareiros de Bonxe cunha interacción final que trata de desmentir a mensaxe da cantiga.

TRANSCRIPCIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:

Isabel Vigo Rodríguez

PALABRAS CHAVE: cacharreiros, alfareiros, olaría, Bonxe, canto, cantiga, copla

TRANSCRICIÓN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- Ou tamén...

O cantar dos cacharreiros

é un cantar moi baixiño.

O cantar dos cacharreiros

é un cantar moi baixiño.

Cántase en Silvarrei

e non se oe en San Martiño.

Cántase en Silvarrei

e non se oe en San Martiño.

- É o mesmo estribillo, e despois hai: Cásate connmigo... como é?

- Rosa...

Cásate connmigo Rosa

mira que son cacharreiro.

Cásate connmigo Rosa

mira que son cacharreiro.

Dormirás en boa cama

e nunca che faltará diñeiro

e non che faltará diñeiro.

(Risa)

- Hai un sinfín de...

- Eso non é verdá, verdá mamá? Vaia se faltaba!

(Risa)